

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021767	Castro da Uz	Pontes de García Rodríguez (As)	2024/2025

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CD1TMV001100	Mantemento de vehículos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3045	Preparación de superficies	2024/2025	5	146	175

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	JESÚS ÁNGEL IGLESIA CIDERES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

**2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo**

A competencia xeral do título profesional básico en Mantemento de Vehículos consiste en realizar operacións básicas de mantemento electromecánico e carrozaría de vehículos, desmontando e montando elementos mecánicos, eléctricos e amovibles do vehículo, e executando operacións básicas de preparación de superficies, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e protección ambiental correspondentes, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En canto o Contorno profesional estas persoas exercen a súa actividade no sector do mantemento de vehículos, nomeadamente en talleres de reparación e concesionarios de vehículos privados, industriais, agrícolas e de obras públicas.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Axudante/a na área de carrozaría.
- Auxiliar de almacén de recambios.
- Operario/a en empresas de substitución de cristais.
- Axudante/a na área de electromecánica.
- Operario/a de taller de mecánica rápida.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Seguridade, hixiene, e medioambiente.	Estudo das normas de seguridade, hixiene e gestión medioambiental.	10	10
2	O taller de pintura.	Estudo das instalacións e equipamento do taller de pintura.	15	6
3	Equipos para a preparación e mantemento de superficies.	Estudo das características técnicas e do funcionamentos dos diferentes equipos.	26	20
4	Masillas e limpiadores.	Identificación de danos, identificación de pictogramas e coñecemento do emprego de masillas e limpiadores.	40	20
5	Proceso de enmascarado	Produtos utilizados para enmascarar e procesos de enmascarado.	24	10
6	Imprimacións, revestimentos e anticorrosivos.	Estudo e aplicación dos produtos utilizados para evitar a corrosión.	30	16
7	Aparellos.	Estudo dos aparellos. Aplicación e lixado dos aparellos.	30	18

**4. Por cada unidade didáctica**
**4.1.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
1	Seguridade, hixiene, e medioambiente.	10

**4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da preparación de superficies	SI
RA6 - Realiza as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o ambiente, utilizando os equipamentos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado	SI

**4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterízase o perfil de persoa emprendedora e descríbense os requisitos e as actitudes necesarias para a preparación de superficies
CA4.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na preparación de superficies
CA4.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa preparación de superficies
CA6.1 Identifícanse os riscos inherentes ao traballo en función dos materiais que se vaian empregar e das máquinas que se vaian manexar
CA6.2 Identifícanse os riscos ambientais asociados ao proceso
CA6.3 Aplicáronse en todo o proceso as normas de seguridade persoal e ambiental
CA6.4 Empregáronse correctamente os equipamentos de protección individual nas actividades
CA6.5 Identifícanse os residuos producidos nas actividades realizadas no taller de preparación de superficies, e depositáronse nos seus contedores específicos
CA6.6 Almacenáronse convenientemente os residuos e preparáronse para a súa posterior recollida

**Criterios de avaliación**

CA6.7 Mantívose a área de traballo co grao apropiado de orde, seguridade e limpeza

**4.1.e) Contidos**
**Contidos**

As persoas emprendedoras na preparación de superficies.

Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na preparación de superficies.

O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa preparación de superficies.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directiva de residuos; directiva de envases.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	O taller de pintura.	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento e a limpeza dos equipamentos e das ferramentas do proceso de preparación de superficies, aplicando os procedementos establecidos	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Realizouse a limpeza das pistolas na lavadora, e describiuse o funcionamento desta
CA5.2 Realizouse o mantemento dos equipamentos de secado por infravermellos, respectando as normas de seguridade no seu emprego
CA5.3 Realizouse o mantemento das instalacións de aire a presión (compresor, liñas de servizo, etc.) e identificáronse os elementos construtivos e funcionais
CA5.4 Substituíronse os filtros do plano aspirante e da cabina de aplicación e secado (plenum inferior e superior) segundo os procedementos establecidos
CA5.5 Realizouse a substitución de filtros de aspiradoras móbiles segundo especificacións de fábrica
CA5.6 Mantivéronse as instalacións en perfecto orde e limpeza, evitando os posibles riscos derivados do posto de traballo

**4.2.e) Contidos**

Contidos
<p>Mantemento, coidado e limpeza de instalacións e equipamentos.</p> <p>Normas de seguridade.</p> <p>Equipamentos de protección individual.</p> <p>Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.</p> <p>Protección ambiental.</p> <p>Reciclaxe de produtos.</p> <p>Directiva de residuos; directiva de envases.</p>

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Equipos para a preparación e mantemento de superficies.	26

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara superficies de aceiro e plástico do vehículo, analizando as características dos materiais empregados e aplicando técnicas establecidas	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Localizouse o dano por procedementos visuais, táctiles e con paso de lixa, e comprobouse o seu grao de severidade (leve, medio e grave)
CA1.2 Eliminouse a pintura do vehículo utilizando os equipamentos axeitados e o abrasivo conveniente segundo o seu gran e características
CA1.3 Comprobáronse os equipamentos de lixadura a máquina, tendo en conta a relación entre as súas características estruturais e o funcionamento
CA1.4 Preparáronse os bordos da zona que se vaia pintar segundo os procedementos establecidos
CA1.5 Procedeuse á limpeza e ao desengraxamento da zona, tendo en conta a relación entre os produtos químicos de limpeza e a natureza do material
CA1.6 Arranxáronse os danos leves con masilla, empregando os produtos de recheo adecuados na reparación e seguindo os procedementos establecidos
CA1.7 Executouse a mestura dos compoñentes seleccionados, a masilla de recheo e o catalizador para efectuar a reparación, interpretando as fichas técnicas do produto
CA1.8 Secouse con infravermellos e lixouse a masilla co sistema máis adecuado (á man ou con máquina)
CA1.9 Corrixíronse os fallos e tomáronse as medidas para que non se repitan
CA1.10 Limpouse e desengraxouse a zona convenientemente, verificando a adecuada preparación da superficie e tendo en conta a reciclaxe dos residuos xerados
CA1.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados en condicións de hixiene

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Interpretación da documentación técnica básica.

Contidos
Identificación do dano.
Mantemento, coidado e limpeza de instalacións e equipamentos.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos; directiva de envases.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Masillas e limpiadores.	40

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza o mantemento e a limpeza dos equipamentos e das ferramentas do proceso de preparación de superficies, aplicando os procedementos establecidos	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Realízouse a limpeza das pistolas na lavadora, e describiuse o funcionamento desta
CA5.2 Realízouse o mantemento dos equipamentos de secado por infravermellos, respectando as normas de seguridade no seu emprego
CA5.3 Realízouse o mantemento das instalacións de aire a presión (compresor, liñas de servizo, etc.) e identificáronse os elementos construtivos e funcionais

**Cráterios de avaliación**

CA5.4 Substituíronse os filtros do plano aspirante e da cabina de aplicación e secado (plenum inferior e superior) segundo os procedementos establecidos

CA5.5 Realizouse a substitución de filtros de aspiradoras móbiles segundo especificacións de fábrica

CA5.6 Mantivéronse as instalacións en perfecto orde e limpeza, evitando os posibles riscos derivados do posto de traballo

**4.4.e) Contidos****Contidos**

Interpretación da documentación técnica básica.

Decapaxes físicas e químicas.

Limpeza e desengrasaxamento.

Aplicación de produtos de recheo. Masillas.

Lixadura. Granulometría.

Equipamentos de lixadura, de aspiración, de secado e de aplicación.

Recicladora de disolventes.

Mantemento, coidado e limpeza de instalacións e equipamentos.

Normas de seguridade.

Equipamentos de protección individual.

Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.

Protección ambiental.

Reciclaxe de produtos.

Directiva de residuos; directiva de envases.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Proceso de enmascarado	24

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza operacións de enmascaramento e desenmascaramento, identificando e seleccionando o procedemento requirido	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Protexéronse co enmascaramento as zonas adxacentes ás que se vaian pintar, coa habilidade e a destreza adecuadas
CA2.2 Elixíuse o material que se vaia empregar, tendo en conta a relación entre as características funcionais do material e a superficie que se vaia enmascarar
CA2.3 Identificáronse as zonas que se vaian pintar para enmascarar o que sexa estritamente necesario
CA2.4 Desenmascarouse a zona con precaución de non orixinar danos, seguindo as especificacións técnicas
CA2.5 Utilizáronse convenientemente adhesivos de suxeición do enmascaramento coas precaucións pertinentes
CA2.6 Colocouse o burlate na zona adecuada, asegurando a hermeticidade e elixindo o diámetro axeitado
CA2.7 Operouse ordenadamente, con pulcritude e precisión, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA2.8 Comprobouse que a zona que ten que estar enmascarada sexa a adecuada e corrixíronse os fallos, aplicando técnicas e procedementos apropiados

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Interpretación da documentación técnica básica.

Contidos
Decapaxes físicas e químicas.
Limpeza e desengrasaxamento.
Produtos de enmascarar.
Cinta de enmascarar.
Burlete de enmascarar.
Cintas para molduras.
Técnicas e procesos de enmascaramento.
Equipamentos de lixadura, de aspiración, de secado e de aplicación.
Mantemento, coidado e limpeza de instalacións e equipamentos.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos; directiva de envases.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Imprimacións, revestimentos e anticorrosivos.	30

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica imprimación e aparello sobre o vehículo, tendo en conta a relación entre os elementos que o compoñen e a súa aplicación	SI
RA5 - Realiza o mantemento e a limpeza dos equipamentos e das ferramentas do proceso de preparación de superficies, aplicando os procedementos establecidos	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse o acabado superficial co tipo de imprimación que se vaia aplicar
CA3.2 Aplicouse a imprimación anticorrosiva e antigraza seguindo as especificacións de fábrica
CA3.3 Seleccioneuse o tipo de aparello segundo a capacidade de recheo necesaria no proceso de preparación
CA3.4 Preparouse o aparello (catalizador mais diluínte) na medida adecuada e segundo a ficha técnica de fábrica, e describíronse os compoñentes
CA3.5 Aplicouse o aparello seguindo as especificacións de fábrica
CA3.6 Selecciónáronse as ferramentas e os equipamentos adecuados, analizando os seus elementos construtivos, e explicouse o seu funcionamento
CA3.7 Seguíronse as especificacións de fábrica na aplicación de imprimacións e aparellos
CA3.8 Realizouse o secado, respectando os tempos e con recoñecemento das características dos equipamentos utilizados (infravermellos, ao forno, etc.)
CA3.9 Lixouse o aparello utilizando os equipamentos e os abrasivos adecuados para un acabado de calidade
CA3.10 Corrixíronse os fallos, tomando as medidas para que estes non se repitan
CA3.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados
CA5.1 Realizouse a limpeza das pistolas na lavadora, e describiuse o funcionamento desta
CA5.2 Realizouse o mantemento dos equipamentos de secado por infravermellos, respectando as normas de seguridade no seu emprego
CA5.3 Realizouse o mantemento das instalacións de aire a presión (compresor, liñas de servizo, etc.) e identificáronse os elementos construtivos e funcionais
CA5.4 Substituíronse os filtros do plano aspirante e da cabina de aplicación e secado (plenum inferior e superior) segundo os procedementos establecidos
CA5.5 Realizouse a substitución de filtros de aspiradoras móbiles segundo especificacións de fábrica
CA5.6 Mantivéronse as instalacións en perfecto orde e limpeza, evitando os posibles riscos derivados do posto de traballo

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Interpretación da documentación técnica básica.
Decapaxes físicas e químicas.
Limpeza e desengrasaxamento.
Lixadura. Granulometría.
Protección anticorrosiva.
Protección contra a grava.
Protección de baixos.
Revestimento para xuntas de estanquidade.
Seladores.
Imprimacións e aparellos.
Equipamentos de lixadura, de aspiración, de secado e de aplicación.
Recicladora de disolventes.
Cabina de pintura.
Mantemento, coidado e limpeza de instalacións e equipamentos.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos; directiva de envases.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Aparellos.	30

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica imprimación e aparello sobre o vehículo, tendo en conta a relación entre os elementos que o compoñen e a súa aplicación	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse o acabado superficial co tipo de imprimación que se vaia aplicar
CA3.2 Aplicouse a imprimación anticorrosiva e anti-grava seguindo as especificacións de fábrica
CA3.3 Seleccioneuse o tipo de aparello segundo a capacidade de recheo necesaria no proceso de preparación
CA3.4 Preparouse o aparello (catalizador mais diluínte) na medida adecuada e segundo a ficha técnica de fábrica, e describíronse os compoñentes
CA3.5 Aplicouse o aparello seguindo as especificacións de fábrica
CA3.6 Selecciónáronse as ferramentas e os equipamentos adecuados, analizando os seus elementos construtivos, e explicouse o seu funcionamento
CA3.7 Seguíronse as especificacións de fábrica na aplicación de imprimacións e aparellos
CA3.8 Realizouse o secado, respectando os tempos e con recoñecemento das características dos equipamentos utilizados (infravermellos, ao forno, etc.)
CA3.9 Lixouse o aparello utilizando os equipamentos e os abrasivos adecuados para un acabado de calidade
CA3.10 Corrixíronse os fallos, tomando as medidas para que estes non se repitan
CA3.11 Operouse ordenadamente, con pulcritude, precisión e seguridade, aplicando as técnicas e os procedementos adecuados

#### 4.7.e) Contidos

Contidos
Interpretación da documentación técnica básica.
Decapaxes físicas e químicas.
Limpeza e desengrasaxamento.
Lixadura. Granulometría.
Imprimacións e aparellos.
Equipamentos de lixadura, de aspiración, de secado e de aplicación.
Recicladora de disolventes.
Cabina de pintura.
Mantemento, coidado e limpeza de instalacións e equipamentos.
Normas de seguridade.
Equipamentos de protección individual.
Dispositivos de máquinas para a seguridade activa.
Protección ambiental.
Reciclaxe de produtos.
Directiva de residuos; directiva de envases.

#### 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

\*Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva son:

- Preparar superficies de aceiro e plástico dun vehículo, analizando as características dos materiais empregados e aplicar as técnicas establecidas.
- Realizar operacións de enmascarado e enmascarado, identificando e seleccionando o procedemento requerido.
- Aplicar correctamente imprimacións e aparellos sobre o vehículo, relacionando os elementos que o compoñen ca súa aplicación.

- Realizar o mantemento e limpeza dos equipos e ferramentas do proceso de preparación de superficies aplicandoos procedementos establecidos.
- Realizar as tarefas en condicións de seguridade, identificando os posibles riscos para a saúde e o medio ambiente, utilizando os equipos de protección individual e aplicando o procedemento de recollida de residuos adecuado.

\*Os criterios de avaliación son:

- Localizouse o dano por procedementos visuais, táctiles e con paso de lixa e comprobouse o seu grado de severidade (leve, medio e grave).
- Eliminouse a pintura do vehículo utilizando os equipos e os abrasivos axeitados.
- Comprobáronse os equipamentos de lixado.
- Preparáronse os bordos das zonas a tratar.
- Pocedeuse a limpeza e desengrasado da zona.
- Arranxáronse os danos leves con masillas e produtos de recheo.
- Preparouse adecuadamente a masilla e os produtos de recheo.
- Enmascaráronse e protexéronse correctamente as zonas adxacentes á reparación e elixíronse correctamente os materiais a empregar.
- Realizouse correctamente a elección de aparellos e imprimacións, así como a súa preparación e aplicación.
- Realizouse correctamente tanto a limpeza como o mantemento de todos os equipos empregados.
- Identificáronse todos os riscos e tomáronse todas as medidas en canto á seguridade, tanto persoal como medioambiental.

\*Na avaliación do alumnado e na configuración da súa cualificación definitiva terase en conta ademáis das probas escritas, listas de cotexo e táboas de observación, corrixidas conforme a criterios obxetivos, a entrega de traballos (individuais e/ou en grupo) requeridos polo profesor, realización por parte dos alumnos/as de actividades propostas en clase e a súa traslación ao caderno do curso, a participación activa do alumnado, a asistencia e puntualidade, actitude positiva e respetuosa na clase ós seus compañeiros e cara ao seu profesor.

A cualificación obtida nos módulos será sempre numérica, asignándosele un valor entre un e dez, sen decimais.

Para que o alumno promocióne necesitará superar todos os módulos profesionais que compoñen o ciclo formativo.

Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos.

Para obter unha cualificación positiva en cada unidade didáctica é necesario obter unha cualificación de 5 ou superior unha vez aplicadas as medias ponderadas dos diferentes instrumentos de avaliación e ademais obter unha cualificación mínima de 5 en aquelas probas que avalíen criterios de avaliación considerados como mínimo exixible.

Para obter unha cualificación final do módulo positiva, a media ponderada de todas as probas realizadas nas diferentes unidades didácticas será igual ou superior a cinco puntos.

Procedemento de avaliación e sistema de cualificación:

- a) Participación na aula-taller

Peso na cualificación: 20%

Valorarase o interese demostrado no traballo, a orde e limpeza, a forma de afrontar os problemas, o cumprimento das normas de seguridade e hixiene e as actividades de formación complementarias; iniciativa, participación e responsabilidade no traballo, permanencia no seu posto de traballo, coidado no manexo da ferramenta e dos aparellos de medida, respecto polas instalacións e o contido nelas, uso e coidados dos elementos de protección persoal, respecto e convivencia cara os compañeiros e docentes.

Toda a información pertinente recollerase nos diferentes libros de seguemento.

b) Elaboración e presentación de prácticas ou traballos

Peso na cualificación: 50%.

Ao longo de cada trimestre proporase a elaboración de prácticas ou traballos que o alumno deberá realizar ben individualmente ou ben a nivel grupal segundo decida o profesor en cada un deles. Valorarase os traballos realizados polo alumno, o tempo empregado, a calidade de dito traballo e as destrezas observadas, así coma a autonomía, as técnicas aplicadas, os procedementos empregados, os procesos de traballo seguidos e a selección de medios.

Esta información recollerase nos diferentes libros de seguemento, mediante táboas de observación ou listas de cotexo.

c) Probas específicas

Peso na cualificación: 30%

Ao longo de cada trimestre estableceranse unha ou varias probas sobre as unidades traballadas.

As probas poderán ser teóricas, prácticas ou unha combinación de ambas.

Mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva:

PROBAS ESCRITAS.

Para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá acadar un 5 de media nas probas que se estableceron ao longo do trimestre.

Para que se faga media é imprescindible que o alumno teña unha puntuación mínima de 4 puntos en cada unha das probas propostas.

PRÁCTICAS OU TRABALLOS.

Para obter a cualificación de aprobado un alumno/a deberá realizar e, se procede, entregar todas as prácticas ou traballos que se propoñan e acadar en cada un dos traballos e prácticas unha puntuación mínima.

Para obter a cualificación de aprobado a suma das cualificacións obtidas en cada un dos apartados a avaliar (participación na aula-taller, prácticas ou traballos e probas escritas) debe ser igual ou superior a 5.

CUALIFICACIÓN FINAL DO MÓDULO

A nota final de cada avaliación será un número enteiro, das medias ponderadas das probas escritas, táboas de observación directa dos procesos realizados no taller e lista de cotexo diaria da actitude do alumno aplicando as porcentaxes indicadas anteriormente.

A cualificación final da media ponderada de tódalas probas será redondeada a número enteiro, e realizácese segundo o seguinte criterio.

Entre 0 e 1,49 = 1

Entre 1,50 e 2,49 = 2

Entre 2,50 e 3,49 = 3

Entre 3,50 e 4,49 = 4

Entre 4,50 e 5,49 = 5



Entre 5,50 e 6,49 = 6

Entre 6,50 e 7,49 = 7

Entre 7,50 e 8,49 = 8

Entre 8,50 e 9,49 = 9

Entre 9,50 e 10 = 10

Si polos motivos que fosen se deran as seguintes situacións:

**MODO SEMIPRESENCIAL.**

Sería o mesmo que o anterior, xa que o alumnado pode asistir presencialmente ao centro educativo.

**MODO NON PRESENCIAL.**

Elaboración e presentación ou traballos.

Ao non ser posible a realización de prácticas presenciais o alumno realizará traballos propostos polo profesor a través da Aula Virtual ou outros medios telemáticos, con tempo límite para a súa entrega, estes serán valorados polo profesor.

Esta información recollerase no Caderno do Profesor, táboas de observación ou listas de cotexo e a actividade quedará rexistrada e almacenada.

b) Probas específicas

De non ser posible a realización de probas escritas presenciais, ao longo de cada trimestre estableceranse unha ou varias probas sobre as unidades traballadas publicadas a través da Aula Virtual ou outros medios telemáticos, previo aviso de data e hora de publicación e tempo dispoñible para a súa realización.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

O alumnado que non supere os obxectivos e os contidos mínimos, será informado dos erros cometidos e sometido a un plan de recuperación co apoio e a orientación do profesor. Despois faráselle unha proba semellante á realizada na avaliación xeral de todos os alumnos, valorando o esforzo realizado e a actitude amosada durante o curso. A avaliación será continua.

Avaliación final:

Os alumnos que non superen todas ou varias das unidades didácticas, realizarán unha proba teórica, unha proba práctica ou ambas en función das partes que non estean superadas, onde terán que demostrar os seus coñecementos, destrezas e actitudes. O alumno será informado en todo momento dos criterios a seguir para a súa avaliación.

As probas xa sexan teóricas ou prácticas serán semellantes ás realizadas durante o curso.

Se o alumno obtén unha cualificación positiva, seguindo os criterios de avaliación considerarase que o devandito módulo está aprobado, calculándose o valor da súa nota que será a que figure no seu expediente académico.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Aspectos xerais do proceso de avaliación.

1. A avaliación do aprendizaxe do alumnado nos ciclos formativos realizarase de modo diferenciado por módulos profesionais. En todo caso, a avaliación na formación profesional inicial realizarase tomando como referencia os obxetivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais e os obxetivos xerais do ciclo formativo, según o establecido no correspondente currículo.
2. A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo. Por este motivo, nas modalidades de ensinanza presencial será necesaria a asistencia do alumnado as actividades programadas para os distintos módulos profesionais do ciclo formativo.
3. O número de faltas que implica a perda do dereito a avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. A efectos de determinación da perda do dereito a avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias personais e laborais do alumno ou alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réximen interior do centro.
4. O profesorado poderá non permitir a realización de determinadas actividades ós alumnos y ás alumnas que perdesen o dereito a avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, ó resto do grupo o as instalacións.
5. O alumnado que perdesen o dereito á avaliación continua co que, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa a avaliación final dos módulos correspondentes.

O alumnado que perdeu o dereito a avaliación continua durante o período de setembro a xuño, poderán recuperalo a o final do 3º trimestre séndolles asignadas aos alumnos unha serie de actividades de recuperación.

A data final desta avaliación do módulo pendente concretarase durante o 3º trimestre pero terá que desenvolverse durante a primeira quincena do mes de xuño. Esta data ou datas de avaliación expóñense no taboleiro de anuncios do centro.

Instrumentos de Avaliación.

Coa fin de garantir a función formativa e que o alumnado sexa avaliado con plena obxectividade, ao longo deste período de recuperación empregaremos varios instrumentos e procedementos de avaliación.

Sistema de Cualificación.

Proba teórica: 50%. Para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá acadar unha cualificación mínima nesta proba de 4.

Proba Específica: 50%. Para obter a cualificación de aprobado, o alumno/a deberá acadar unha cualificación mínima nesta proba de 4.

Para obter a cualificación de aprobado no módulo a suma das cualificacións obtidas en cada un dos apartados a avaliar (PROBAS TEÓRICAS/PROBAS ESPECÍFICAS) debe ser igual ou superior a 5.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A avaliación é unha compoñente básica no proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación ha de ser coherente coas características do Título Profesional Básico en Mantemento de vehículos, cos obxetivos formulados e coa metodoloxía empregada.

A avaliación ha de ser formativa e ha de servir para fomentar a reflexión e para orientar e analizar o proceso educativo; por iso, a avaliación terá que ser:

- Continua, para observar o proceso de aprendizaxe.
- Integral, para considerar tanto a adquisición de novos conceptos, como de procedementos, actitudes, capacidades de relación e comunicación e de desenvolvemento autónomo de cada estudante.
- Individualizada, para que se axuste ás características do proceso de aprendizaxe de cada alumno/a e non dos alumnos/as en xeral.
- Orientadora, porque debe ofrecer información permanente sobre a evolución do alumnado con respecto ó proceso de ensino-aprendizaxe.

Comprobarase ao longo do curso que coincidan os tempos estimados cos reais, para poder efectuar as concrecións da programación do seguinte curso.

A observación da resposta do alumnado á hora de desempeñar as diferentes tarefas e prácticas servirá para saber se os coñecementos transmitidos foron realmente comprendidos ou necesitan repasarse.

Este seguimento levarase a cabo a través da aplicación de programacións.

Unha enquisa anónima ao final de curso poderá darnos unha idea do que debemos corrixir para o seguinte curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

AVALIACIÓN INICIAL: realizarase ó inicio do proceso, cunha pequena proba que contará dunha serie de preguntas sinxelas básicas co fin de coñecer os coñecementos previos do alumnado e deste xeito contribuir á maior adaptación posible da organización e da programación deste. A reunión de avaliación inicial será realizada segundo os criterios establecidos polo equipo directivo en cada curso académico. O profesorado, de xeito individual, fará unha previa avaliación inicial, que será posta en valor con posterioridade de xeito colexiado e presidida por membros do equipo directivo e do equipo de orientación. Nesta reunión determinaranse as características do grupo analizado e a medidas de reforzo a levar a cabo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Non vou ter alumnado con medidas de reforzo.

Ainda así farase un seguemento durante as clases para ver si todo o alumnado asimila os conceptos e realiza as actividades con solvencia, si se detectase calquer problema intentarase solventar con máis apoio ao alumnado que se detecte que lle costa assimilar os conceptos tratados durante as clases.

Durante todo o curso é fundamental a coordinación co Departamento de Orientación.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A igualdade entre alumnos será fundamental. Evitaranse discriminacións por raza, sexo, nacionalidade, relixión, etc.

O civismo, a puntualidade, a orde, a limpeza, o respecto polos compañeiros e o profesorado, o coidado do material, etc. serán de obrigado cumprimento; influíndo na nota acadada.

A educación ambiental inculcando ao alumnado a responsabilidade no tratamento de residuos do vehículo, así como na importancia da redución das emisións contaminantes emitidas a atmosfera.

A educación para a saúde inculcando ao alumnado as normas de seguridade, prevención de riscos e hixiene no traballo.

**9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Durante este curso o departamento de automoción seguirá inmerso no proxecto Green Power en colaboración con outros centros de automoción galegos, e todo o alumnado que queira e mostre interese e determinación poderá participar no mesmo.

Realizaranse as visitas acordadas polo Departamento e aprobadas polo Consello Escolar.

Estas actividades extraescolares, aínda por definir, intentarase que non sexan fora do horario escolar, e si o fosen, previamente sería avisado o Equipo Directivo, e solicitaríanse os pertinentes permisos de país, nais ou títos legais.